

Entrevista

O harmónico cosmos de Luz Pozo Garza

Roberto PASCUAL RODRÍGUEZ

Universidad Complutense de Madrid
robertopascual@filol.ucm.es



Madrygal habita o seu redondo dez de harmónica e flirteante luz. As palabras que agora a honran, primeiro decorreran á cinta da nosa gravadora nun deses non lugares tan nomeadamente posmodernos como impersoais. A poeta imprime —coas súas lembranzas, coas súas impresións, co seu inqueda sorriso—, de elegancia e materia vívida á estancia dun hotel beira das esfoladas árbores de inverno do paseo do Prado. Entre aeroporto, hotel e estación (poética), Luz Pozo Garza agasallounos con esta brisa de lembranzas protagonizadas polas letras, con este vento suave do nordés.

—**Madrygal:** Creo que a primeira pregunta é de obrigada cerimonia por mor da grata nova coa que asistimos a esta entrevista. Estamos diante dunha candidata ao premio Nobel de Literatura. Luz Pozo Garza, como recibe isto?

—**Luz Pozo:** Con moito gusto. Eu estouno vivindo coma se xa o tivese na man, porque xa sei que é unha utopía tremenda, unha utopía agradabilísima pero non deixa de ser iso, algo utópico.

—**M.:** Mais non todo foi un manto de rosas na súa vida. Como lembra a súa infancia, a fuxida de Galicia, a persecución franquista (especialmente a seu pai)?

—**L.P.:** Xa se sabe que no tempo da República era normal que houbera toda clase de pensamento. Da noite á mañá presentouse o “levantamento” e, entón, xa non estaba claro o que pasaba e o que ía pasar, polo menos alí en Viveiro non estaba moi claro.

Meu pai tiña un amigo que se chamaba Luís Sánchez Méndez Ona, o inspector xefe de aduanas. Creo que era socialista e bastante novo, tería sobre uns trinta anos no 36. Entón, chegaron á miña casa noticias de que estaba preso, que o prenderan. Luís Méndez era bo amigo do meu pai, aínda que non do seu mesmo partido (meu pai non sei exactamente que era, non sei se primeiro foi do partido de Azaña e despois radical socialista ou ao revés. Ben, o caso é que el tivo un cargo bastante comprometido, porque segundo os arquivos que buscaron na Universidade de Santiago, no Campus da Coruña parece que era secretario do Partido Radical Socialista na provincia de Lugo, ousexa que estaba moi comprometido). Eu vin que meu pai saía correndo da casa, dixo: “-vou falar co comandante de Costa”, porque el decatábase de que tanto comunistas como socialistas, anarquistas, republicanos, estaban indo todos ao calabozo. Pero, naquel momento, pois non parecía normal iso. Entón foi e cando baixaba de falar co comandante xa o prenderon. Estivo uns días alí no cárcere de Viveiro e despois xa o levaron para Lugo. Estivo nos sotos da divisora porque daquela os cárceres estaban repletos e non había sitio para todos. Permaneceu alí un tempo, un ano máis

ou menos, e nun principio non lle fixeron expediente (ao mellor interior, deles, claro eu non sei como ía a cousa) pero cando saíu fixoo sen cargos, non pasara nada, aparentemente non pasou nada.

Nós tiñamos, el tiña un irmán de ideoloxía totalmente distinta, era moi de dereitas, xefe de Administración de Hacienda de Tetuán. Chamábase Román del Pozo y del Pozo, meu pai era Gonzalo Pozo y Pozo e eles eran del Pozo y del Pozo. Pero moi boas persoas. Cando miña nai falou co meu tío e lle dixo en que circunstancias estaba, porque as circunstancias eran un pouco críticas, xa que non soamente te podían volver... senón que te podían pasear, ou as mesmas persoas de ideoloxía esquerdista podían denunciar por estar ti fóra e os outros dentro do cárcere. Iso estaba pasando, iso non se sabe, non se di, pero é así como che digo. As mesmas mulleres dos presos dixéronnolo a nós: “por que isto de que o seu marido está fóra en cambio o meu marido ou fillo, está no cárcere?” Había denuncias polas dúas partes, desde os da represión e por parte dos que estaban en circunstancias militantes, de protesta.

Entón a miña nai, que era unha persoa moi intelixente e cunha visión de futuro moi acusada, pois contactou co meu tío Román e alí estivemos, en Tetuán, ata o ano corenta. Nesa data repuxeron a meu pai porque coincidiu que o Gobernador Militar de Lugo era o Xeneral Tella, un íntimo amigo de meu pai desde pequenos (foran xuntos á escola, criáranse xuntos). Entón, cando el soubo que meu pai estaba transterrado mandouno chamar. Fomos e a el fixéronlle, como se chamaba isto? Facían... Unha depuración. E xa quedou depurado... (Silencio) E xa volveu ocupar o seu posto de inspector veterinario en Viveiro.

—M.: Como foi esa “depuración” e como influíu na conduta de seu pai e na vida da familia?

—L.P.: Pois coa depuración revisaban a conduta política, ideolóxica. Miraban se lles parecía que non era unha persoa perigosa. Isto tamén dependía moito. Meu pai tivo moita sorte porque el, comparado con outros menos significados (por exemplo ese que che dixen, Luís Sánchez Méndez Ona, que aínda era moi novo e acusaba máis a súa ideoloxía), saíu ben parado. Co meu pai o que pasa é que tiña moitas... ideas pero era un home silencioso, un home da casa, un home que non se manifestaba. Ademais a el, cando o prenderon, pois... cría que iso era cousa dunha semana, que

ese movemento ou... como se queira chamar, acabaría pronto. Decía venceremos, venceremos! Eles todos pensaban que isto era cousa dun par de semanas, que non pasaba nada. Esa era a idea que tiña el. Non tiña consciencia real do que estaba pasando. Acostumaba dicir “isto son sanjurjadas”, cuestión de pouco tempo. Parece mentira pero é así. Deuse conta despois cando foi preso, aí si que se deu conta, deuse conta total, senón sería parvo. Pero nós librámonos ben, sempre grazas ás axudas que tivemos do outro lado, da outra parte, senón non podíamos facer nada. Grazas ao meu tío Román, que estaba ben situado e foi quen nos protexeu. Grazas a Tella, que nos valeu. Iso hai que telo en conta tamén, tanto dunha parte coma da outra houbo xente extremista, con sentimentos, xente tamén que axudou nos controis.

A nós en realidade non nos botaron, para nada. Pero claro, as circunstancias eran moi difíciles porque é o que che digo, se non te fusilaban, podían... Estabamos en perigo todos, todos. Un irmán meu, que despois morreu na guerra aos 20 anos, Gonzalo Pozo Garza, era moi solidario, con moita formación e estaba moi comprometido, tamén era moi novo. Pero andaba na fronte desde os quince anos. Pois tamén estaba en perigo. Viaxando nun convoi durante a guerra, bombardeárono, estivo tempo no hospital, conseguiu saír, volveu con problemas respiratorios pero nunca máis se recuperou. A súa morte foi unha traxedia para a familia. Nós estábamos en Tetuán e soubémolo polo meu tío.

—M.: Á volta de Tetuán, vostede casou axiña e comezou os estudos de Letras. Chamaba dende cedo a vocación?

—L.P.: Todo isto foi un pouco raro porque a min gustábanme moito as Matemáticas e a Física gustábame moitísimo. Pensei nun momento estudar Farmacia, porque de pequena sempre estaba coas cousas que tiñan nas farmacias. En Viveiro había moitas farmacias. Eran sitios pequenos, nun espazo moi reducido estaba a farmacia, a casa, a cociña e unha cama. Na praza do Mercado había cinco farmacias, unhas moi preto das outras. A min encantábanme. Tiña unha amiga íntima que o pai tiña farmacia e estábamos alí, gustábame moito todo aquilo de sacar os específicos que se facían. Había tamén como agora non? Pero non con esta intensidade, que todo é despachar específicos feitos cunha receita. Pois a min encantábame todo aquilo. E xa che digo, despois gustábame moito o latín, sabía moitas cousas de memoria en

latín, adiviñanzas, etc. Tiña un profesor magnífico, Jesús Naya, que era un sabio. Eu daba clases particulares con el. Por aí fun, pero tampouco a Clásicas. Estudei Filoloxía Románica por libre en Oviedo. Estudei con Alarcos, con Bobes Naves, con Cachero, había moi bos profesores.

Eu xa estaba casada e xa tiña un neno, despois tiveron dúas nenas máis. Casei aos 21 anos, o que pasa é que con estes avatares da guerra, pois estiveron dous anos sen estudar. Eu fixera dous anos (o terceiro e o cuarto) en Marrocos e despois xa volví a Galicia e seguí estudando. Casamos antes de que terminara eu o bacharelato. O meu marido puxo unha academia de Física e Química en Viveiro. Eu terminei o bacharelato, fixen o exame de estado, despois dos sete cursos, na Universidade. E quedei sempre en Viveiro, sempre estiven en Viveiro. Cando da Universidade, ía nun coche de liña e despois collía un hotel alí en Oviedo. Estaba nun hotel uns días, entón eses días ía ás clases cos alumnos, ía como alumna, cos alumnos oficiais, collía apuntamentos e compraba os libros, porque despois podía estudar na casa. Estudei así todos os cursos, o cuarto e o quinto cando xa tiña un neno de oito anos.

—**M.:** Anos-Luz, como lle gusta contar os anos a vostede...

—**L.P.:** (Risas) Pois si, e nunca tan ben chamados... 84 anos-Luz.

—**M.:** Falando de medidas, de distancias entre astros, *Memoria solar* é o anuncio do solpor creativo ou o sino dun novo amencer poético?

—**L.P.:** Ben, é solar porque a min pareceme que a poesía e algo cósmico, algo que está relacionado coa rotación dos astros. É unha cousa moi pitagórica. A min gústame moito para a poesía todas estas cousas un pouco esotéricas, eu penso que inflúe moito. Os astros e a poesía son fillos do sol. Se temos inspiración e se todo iso se pon en conxunción iso é algo fantástico.

Pois mira, parecía que si, que ía pechar un ciclo, porque precisamente xa sabes que este libro pertence á editorial Linteo, que dirixe Manuel Ramos. Manuel Ramos é un home, aparte de moi capacitado porque é catedrático de Literatura, un editor excelente, como demostran os seus libros. Entón parece que si que ía pechar, pola miñade, por todo, porque cando el me pediu que lle concedera a obra completa, eu díxenlle que si encantada, a palabra que lle dixen eu foi esa:

encantada. Pero non tiña gana porque eu son bastante folgazana, non son nada sistemática para estas cousas. Entón el díxome que ía revisar todo, dixo: “–Non, non, non. Non te preocupes que iso é cousa do editor”. Tomou a dirección diso e entón empezou a mirar, a investigar sobre as publicacións todas, incluso viña de Ourense á miña casa cando eu estaba fracturada nunha perna. El dicíame: “–Ti déitate aí e descansa que isto irá ao meu estudo”. Collía os libros, recompilaba as edicións e comparaba unhas con outras preguntándome: “–que che parece mellor, isto ou iso?” Ben, traballou moitísimo, dous anos de moito traballo mandándome cousas: “–Mira, aquí hai isto, aquí hai aquilo, a ver que che parece...” Pero claro, mentres el fixo esta edición, pois eu xa tiña poemas soltos, uns poemas que eu xa anunciara como poemas gaélicos (de feito algúns foron publicados por revistas, mesmo algún en *Madrygal*). Chamábanse poemas gaélicos porque tiñan temas relacionados con Irlanda. Eu teño unha filla alí casada, fillos, netos e... bisnetos (Risas). Cando el estaba traballando co libro, pois eu o que fixen foi separar os poemas e deixar só os autenticamente gaélicos, os de temática irlandesa exclusivamente e os outros desboteinos. Entón con eses fixen outro libro, *As arpas de Iwerddon*, que xa se deixan de chamar poemas gaélicos. Este é o último libro que está incluído en *Memoria solar*.

Pero eu tiña outros poemas máis. Logo, na Coruña, decidiron facerme unha homenaxe (sorrisos). Facéndome agasallos sempre xente encantadora... Entón Miguel Anxo Fernán Vello director de Espiral Maior díxome que quería editar un libro e preguntoume se tiña algunha cousa. Efectivamente tiña pero a min, dende hai algún tempo, gústame que os libros teñan unha certa unidade, ou sexa, que non sexan heteroxéneos os libros, senón que se centren nunha temática xeral, con variantes, sen chegar a unha cousa monolítica nin moito menos. Entón desbotei outros que tiña e recollín uns que lles puxen por nome *As vodas palatinas*. Iso refírese ao segundo casamento que eu tiven con Eduardo [Moreiras]. Entón eu collín os que xa tiña escritos, creando algúns outros máis pero conducindo sempre ao mesmo tema. Aínda que están escritos en 2002 e outros son de 2005, falan dunha época moi anterior.

Aquí si hai outro ciclo. Logo de apareceren os poemas d’*As vodas palatinas*, traducido tamén ao portugués pero sen publicar [A versión galega está publicada en Espiral Maior, promocionada polo Ámbito Cultural de El Corte Inglés e en edi-

ción non venal]. Estes son en realidade intempesivos (no sentido do tempo). En canto á temporalidade. Representan os anos aqueles pero escritos con moita posterioridade. É o bo que ten o poeta, que pode estar na época que quere, pode ser Medea, pode vivir na prehistoria ou na protohistoria, pode escribir uns poemas de amor coma se tivese vinte anos...

—**M.:** *Medea en Corinto traspasa as portas da lírica para se inserir de cheo na dramática, xogando ao simbólico que toda recuperación de clásicos imprime na lectura contemporánea, na intervención de sistemas literarios coma o galego...*

—**L.P.:** Aí están os tres xéneros entremesturados. Está a dramática, pero hai unha lírica entremetida moi intensa en bastantes aspectos e despois está tamén a narrativa, sobre todo nos parlamentos de Medea que son puro relato histórico. Parlamentos descritivos, históricos. Esta é unha Medea atípica porque ela confesa dende o primeiro momento, ela está loitando consigo mesma, dáse conta de que está fóra da realidade. Por outra parte, ela quere dominar. En case todas as Medeas clásicas —e nesta tamén— chocan dúas civilizacións, dúas culturas diferentes: unha protohistórica, inmersa totalmente na maxia (Hécate, o sol, a vida mítica). Mentres Xasón é máis ático, ten outra cultura, outro pensamento, outra forma de ver a vida máis aberta. Tampouco é tan asasina na miña obra, aínda que mata aos seus fillos. Iso non o quería facer nun primeiro momento. Na miña obra hai dúas partes. A primeira mandeilla directamente aos Pociña, aos editores, e eu chamáballe en broma Medea incompleta (Risas). Despois pensei que iso estaba descafeinado completamente e entón escribín a segunda parte, á que lle puxen informalmente outro nome: a Medea implacable. (Máis risas).

Isto fíxeno moi rapidamente porque coñecía ben o tema. Na miña casa, isto xa é case un tópico, líase moitísimo. O meu pai era un grande lector, a miña nai tamén. As ceas eran moi cedo, a iso das 8, e entón liamos e facíamos comentarios das lecturas, pero xa dende moi pequenos. De feito eu nunca falaba galego ata hai moi pouco. A min custou bastante. Pero en cambio, sabíao escribir. Escribín o libro *O paxaro na boca* sen ningunha dificultade, porque tiña o galego interiorizado, porque coñecía o galego a través dos libros. Por iso para min foi moi fácil escribir en galego, pero en cambio falalo, custou moitísimo.

—**M.:** *Precisamente obras como Medea en Corinto e outras súas son obras bilingües. Publicar en castelán é asegurar un maior número de lectores (en Galicia)?*

—**L.P.:** Agora menos mal, porque os rapaces, xa nos institutos e nas escolas falan e escriben galego moi ben. A decisión de publicar esta obra, por exemplo, en galego e castelán foi decisión dos editores, dos Pociña. Isto era para toda España e para o estranxeiro.

Os galegos temos que ser fieis ao noso idioma, unha vez que o collemos como vehículo, témoslle que dar a categoría que merece. É necesario para a nosa identidade. Definitivamente, despois de *Últimas palabras*, non volvíns escribir en castelán porque concieneciéime de que o galego nos necesitaba a todos os escritores.

—**M.:** *Ademais de cultivar a arte de Talía, vostede tamén interpretou ou cultivou a arte da Musa Euterpe. De que maneira inflúe na súa creación?*

—**L.P.:** Fixen a carreira de piano, a elemental en Madrid, no Conservatorio, e despois a superior na Coruña. A miña nai inculcoume o gusto polo piano, que me gusta moitísimo. Empezara de moi pequena a estudar piano, eu penso que ese ritmo tivo que influír dalgunha forma na miña poesía. Tamén me levou ao simbolismo, por suposto.

—**M.:** *Alí na Coruña, onde reside na actualidade, manifesta como académica a súa voz dende unha cadeira, a correspondente á letra U, que é unha das poucas de xénero, de realidade feminina. Segue vendo á Academia Galega hoxe tan patriarcal como cando vostede tomou posesión aló polo ano 1996?*

—**L.P.:** Cando eu cheguei soamente había unha muller, que era a arquiteira. Isto foi mudando, o primeiro que deu un impulso moi grande foi Francisco Fernández del Riego. Un impulso enorme e inusitado. Agora Barreiro, o novo presidente, posúe unha mentalidade moi activa, sempre está imaxinando cousas novas para a Academia. Unha cousa que el quere, aparte de que o galego vaia para arriba, é que o galego estea integrado no pobo, que o pobo vexa na Academia que é algo seu, que non é unha elite. Non quere que sexa unha torre de cristal, quere que sexa do pobo, que participe en todas as cousas que se fagan. Con respecto ao das mulleres, agora xa somos catro (Olga

Gallego, Xohana Torres, Rosario Álvarez e máis eu) pero eu sempre estou pinchando para que metan a máis porque están sempre máis homes.

—**M.:** O feito de que *Códice Calixtino* fora unha das lecturas obrigatorias do programa de Literatura Galega no antigo COU, no ensino secundario, cre que influíu en certa maneira na súa traxectoria?

—**L.P.:** Iso foi un aliciente grandísimo para min. Eu sempre traballei de costas a todo, por gusto, por intuición, polo que fose, nunca pensando noutras cousas posteriores. Pero claro, iso foi un empurrón, non cabe dúbida. Entón sentínme moi apoiada, sentínme moi apreciada, porque no momento en que te poñen así, como texto, xa te sentes máis consolidada. Fun a Ourense unha vez e unha rapaza, alí, veume saudar e díxome: “podo recitar o *Códice Calixtino* de principio a fin”, que o estudara no Instituto.

Aínda que non pensei que fose un *plus ultra*, nin moito menos. Nunca quedei contenta dos meus libros. Sempre, despois de publicalos. Eu escribo sempre moi rápido, moi rápido, son unha muller moi impaciente. Escribo en todos os sitios e velozmente, como *Medea en Corinto*. En *Códice Calixtino* non, porque os poemas son moi distintos, teñen menos conexión. Pero nos libros que teñen conexión como *As arpas de Iwerddon* ou *Prometo a flor de loto*, si. Non son persoa de estar retocando, pero en canto os vexo publicados, axiña lles vexo defectos. Entón si me gustaría volver revisar todo o contido.

—**M.:** Tamén un bo impulso para a poeta poden ser as antoloxías (como a edición antolóxica *Extranjera en su patria*, que a sitúa a vostede ao lado de Rosalía de Castro, Manuel Antonio e Pimentel). Mais tamén poden ser un empurrón ao precipicio. Que pensa das actuais antoloxías de poesía galega?

—**L.P.:** Hai moi boas antoloxías hoxe en día en Galicia. Son interesantes porque ves toda unha época, ves as relacións que hai, tamén as disquisicións. Algunha vez non me sentín ben tratada pero en xeral parécenme ben. A min non me parece mal que haxa cousas miñas que non lle gusten a alguén. Eu, como profesora, por exemplo, sempre tiven unha man moi aberta. Porque durante toda a miña vida tiven que explicar a obra de escritores que me gustaban máis ou menos. Pero eu tampouco, nunca lle dixen aos alumnos que

non me gustaban uns autores, porque non son quen para dicir que isto é máis interesante ou menos para ler, porque a eles isto pódelles marcar algo nese sentido. Que crítico ou que profesor pode dicir isto está ben ou mal? Pódenos gustar máis ou menos. A miña poesía ten ou ben moita atracción para algúns ou repulsión para outros. Hai xente á que non lle gusta, que non lle di nada. Pero iso penso que é bo. A min mesma hai cousas que non me gustan nada, aínda que eu son moi complexa, con moitas contradicións. Non estou conforme exactamente con nada, sempre quero saber máis do que se di, estou moi aberta a todo, non nego nada totalmente.

—**M.:** Díganos, moi brevemente, que lle suscitan os seguintes nomes...

... Rosalía de Castro

—**L.P.:** Rosalía, como di Carmen Blanco, a nai de tinta. Unha muller que abriu todas as portas para todo: para a poesía, para a literatura, para Galicia, para a metafísica, a relixión, a patria. Todo está en Rosalía.

... Xosé Luís Méndez Ferrín

—**L.P.:** Un home colosal, unha intelixencia superior, un home que escribe formidablemente, cunha grande sensibilidade, un home cultísimo, un home extraordinario, unha desas boas potencias que temos en Galicia.

... *Ánfora*

—**L.P.:** Hai cousas que me gustan dese meu primeiro libriño pero outras que non, sobre todo a adxectivación. Levábase moito nesa época e a min, como estaba empezando, parecíame que conquistaba algo. Cando leo algo de *Ánfora*, quíttolle os adxectivos sempre.

... Larache

—**L.P.:** De Larache trouxen moitas cousas. Trouxen a luz do Atlántico na retina e trouxen unha visión dobre. Isto é na guerra, no ano 38. Por un lado unha visión da guerra pacífica, porque alí era coma se non existira. Por un lado todo me parecía exótico: aquela luz, aquel promontorio... Parecíame todo das *Mil e unha noites*. África, Marrocos, con aquelas extensións enormes, aquelas cores vermellas, a xente tan exótica. Eu penso

que foi un mundo aparte. Pero tamén gocei alí moito aínda que fosen os anos da guerra e quedase todo entre parénteses. A miña nai sempre me vestía de mariñeira dende pequena. Ninguén máis ca min ía vestida de mariñeira. Traxes vermellos, brancos ou azuis, pero todos de mariñeira. Cando marchei a Marrocos, ía como mariñeira, calcetín branco e zapato branco. Cando regresei tiña 18 anos e as miñas amigas de Viveiro tiñan todas mozos, pasara a guerra por Viveiro: alféreces, provisionais, etc. Pero cando volveu Lucita Pozo foi coma se non pasara o tempo: co mesmo peiteado, o mesmo traxe de mariñeira. Por iso, esa época, vivina nunha paréntese.

... *Últimas palabras / Verbas derradeiras*

—**L.P.:** Foi unha época dunha crise profunda e dunha falta de comunicación con Eduardo Moreiras (entón non estabamos casados). Iso produciu a aparición deste libro que creo que é moi interesante dentro da miña traxectoria. Escribino en castelán pero traducino moi rapidamente. Eu creo que está mellor en castelán.

... Luis Pimentel

—**L.P.:** Luis Pimentel para min é o poeta máis grande do mundo. O poeta máis humano, máis delicado, máis sensible, cunha fragilidade total e un sentimento moi humano, que se vía sobre todo na súa relación cos nenos. Tamén teño que destacar del un sentimento de negación como un oco na alma do ser. Luis Pimentel foi o primeiro que influíu directamente en min para dar o salto dunha poesía tradicional a unha simbólica e delicada, cunha sensibilidade especial para o sentido universal da vida.

... Dionisio Gamallo Fierros

—**L.P.:** As nosas familias xa eran coñecidas cando eramos pequenos. Logo, de adultos, escribíame e dábame moitos consellos para a poesía.

Diciame que me deixase guiar, que non seguira os pasos dos poetas declamatorios que foran coroados en vida (coma Zorrilla, Quintana, etc.), que me esforzase en seguir os pasos dos poetas que tiñan que morrer para nacer á vida da alma, os que cantaron en voz baixa as súas contradicións e cuestións interiores, íntimas, poetas máis intimistas como Rosalía, Bécquer, etc. Presentoume sempre, en todos os sitios, como poeta adolescente pero cun porvir que el adiviñaba constante e fiel á poesía.

... Ánxel Xohán

—**L.P.:** A el non o coñecín directamente pero, xunto con Manuel María, foron os que me propiciaron a publicación do meu primeiro libro *O paxaro na boca*, na Imprenta Palacios de Lugo, en 1952. Este libro encantoulle a Aquilino Iglesia Alvariño.

Eu tiña un pouco de preguiza co galego e Manuel María era o que sempre me estaba alentando para que escribise. Aínda así, sei que Ánxel Xohán sempre apoiou moito as artes.

... Eduardo Moreiras

—**L.P.:** Uf... Que vou dicir eu de Eduardo. Foi a miña vida. Con el vivín moitas cousas. Foi o que me iniciou na poesía de Vicente Aleixandre. Lembro que liamos, cando eu ía a Vigo, a Aleixandre nun parque. Estaba emocionado con *Sombra del paraíso*. Eduardo e mais eu escribímonos toda a vida ata que casamos nos oitenta. Limos moita poesía xuntos. Teño que recoñecer tamén que por influencia súa eu comecei a escribir todo en galego.

Como autor, xa empezou a estar recoñecido cando empezou a escribir en castelán, logo seguiu sendo moi bo escritor en galego e iso hai que reivindicalo. Eu mesma o propuxen como candidato ás Letras Galegas de 2007. O seu libro de relatos *Primaveira no Lor* é unha marabilla, un libro redondo.